

O día 22 de outubro de 2018 ás 19:00 h, despois de deliberar no Café Moderno de Pontevedra, o xurado composto por Ramón Nicolás, Ramón Rozas, Carme Vidal e actuando como secretaria Carme Carreiro decidiu outorgar o II Premio de Xornalismo Lueiro Rei ao artigo

"O universo de Carlos"

presentado baixo o pseudónimo de "Roque Pérez"

unha vez aberta a plica resultou ser da autoría da xornalista e investigadora Montse Fajardo autora de libros como *Matriarcas*, *Un cesto de mazás* e *Invisibles*, entre outros.

O xurado destaca do texto "a denuncia da discriminación que sofren as persoas con autismo e as súas familias". A autora transmite dificultades que se lle presentan á nai dun neno con autismo e os atrancos que ten que superar día a día ademais de dar conta do pouco respaldo institucional que recibe para darlle ao fillo as atencións que necesita.

O artigo é quen de que as persoas lectoras empaticen coa angustia da situación da protagonista e reparen na falta de equidade con quen ten esta condición neurolóxica a través dun caso particular.